



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022 (DOG 30/09/22), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que establece o calendario para a celebración de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as normas seguintes:

1. Conforme ao establecido no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir** neste proceso electoral a **un representante (1)**, do alumnado que forman parte do Consello Escolar.
2. O censo electoral de alumnado estará exposto no taboleiro de anuncios, para posibles reclamacións ata o día 21 de novembro ás 12 horas.
3. As candidaturas correspondentes poderán presentarse a partir **das 10.00 h. do día 10 de novembro ata ás 14.00 horas do día 17 de novembro de 2022**. Os impresos poden recollerse en secretaría ou na páxina web do centro.
4. **A Mesa Electoral** estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente e dous alumnos/as elixidos por sorteo dos cales o de menor idade, actuará de secretario/a.
5. Cada votante **sinalará cun X**, na papeleta de votación, como máximo **un nome (1)**, da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. A **data** da celebración da **VOTACIÓN** para a elección será o **martes, día 29 de novembro ás 12.40 horas**.
8. A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vedra, a 7 de novembro de 2022

O DIRECTOR DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: José Viaño Rey